

O contido da modificación aprobada queda do seguinte xeito:

"Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas seguintes:

1) Escola de Música. Por ensinanzas impartidas na Escola Municipal de Música o importe da matrícula por curso académico será o seguinte:

1. Solfeo-lingüaxe musical: 76,76 euros.

2. Instrumento: 76,76 euros.

3. Harmonía: 76,76 euros.

4. Coro: 57,60 euros.

5. Iniciación á música: 64,00 euros.

2) Curso de danza.

a. Por curso dunha hora a semana: 58 euros.

b. Por curso de dúas horas a semana: 90 euros.

Para aqueles alumnos que se matriculen en dúas ou máis asignaturas establecense os seguintes descontos sobre o custo total das matrículas que formalicen. Por dúas matrículas o cinco por cento, por tres matrículas o dez por cento.

3) Escolas Deportivas. Por ensinanzas impartidas en calquera das Escolas Deportivas Municipais a cota tributaria virá determinada pola seguinte tarifa:

De xaneiro a xuño: 25 euros

De setembro a decembro: 15 euros.

4) Actividades deportivas no rural: 10 euros mensuais."

A presente Ordenanza, conforme ó disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcurrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65.2 da mesma Lei.

O que se fai público para xeral coñecemento facendo constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 4 de outubro de 2004.- O Alcalde, Balbino E. Pérez Vacas.

R. 04700

O SAVIÑAO

Edicto

Solicitando desta Alcaldía don Manuel Teijeiro Méndez, licencia municipal para ampliación explotación ganadeira a situar en Marzán, parroquia de Chave, cumplindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30

do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

En O Saviñao, a 6 de outubro de 2004.- O Alcalde, illexible.

R. 04702

VILALBA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía por don JOSÉ ANTONIO ALVAREZ SEOANE, licencia municipal para a apertura de una FOSA DE PURIN, a situar en Vilaester-Rioavesso; cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Vilalba, a 6 de octubre de 2004.- O ALCALDE, illexible.

R. 04707

XERMADE

Aprobada por el Pleno del Ayuntamiento en sesión extraordinaria celebrada el dia 30 del pasado mes de septiembre la Ordenanza, no fiscal, reguladora de las distancias entre plantaciones forestales y fincas de labor, praderías, caminos públicos, conducciones de agua, edificaciones y otras heredades en el municipio de Xermade, queda expuesta al público, en las oficinas municipales, a efectos de examen y reclamaciones, por término de treinta días.

Xermade, 6 de octubre de 2004.- EL ALCALDE Tomás Rodríguez Arias.

R. 04735

TRANSVIAL

La Asociación de Empresarios de Transportes de Viajeros en Autobús de la Provincia de Lugo (TRANSVIAL), ha tomado el acuerdo de estimar el costo diario de paralización de un vehículo de transporte de viajeros

3º.- Aprobación provisional da dita ordenanza que dará elevada a definitiva se durante o perío do de exposición pública non se presentase ninguna reclamación.
Samos, a 9 de febreiro de 2005.- O Alcalde, Carlos R. Belón Ares.

R. 00648

SARRIA**Edicto**

Solicitándose desta Alcaldía por Dna. MATILDE LÓPEZ VÁZQUEZ, licencia municipal para instalación de CAMPO DE GOLF, en Fontao, deste Concello, cumprido o disposto polo apartado a), do número 2, do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública polo termo de dez días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo- que comezará a contarse dende o día seguinte á inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poida polas persoas quealgún xeito se consideren afectadas, pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Sarria, a 3 de febreiro de 2005.- O Alcalde, José Antonio García López.

R. 00644

VIVEIRO**Edicto**

Solicitada a esta Alcaldía por PESCADOS MUIÑOS, S.L. licencia municipal para UNHA PLANTA DE ALMADENAMENTO E SALA DE ELABORACIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS no Lg. Porto de Celeiro, s/n - Celeiro - Viveiro, e cumprindo o disposto no artigo 86.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sométese o expediente a información pública por un prazo de 20 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que durante éste as persoas quealgúnha manejaren se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, poidan examinar o expediente no Negrado de Obras e Urbanismo deste Concello, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Viveiro, 10 de febreiro de 2005.- O Alcalde, illexible.

R. 00643

XERMADE

Elevándose a definitivo, por desestimarse as reclamacións formuladas, o acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada o día 30 de setembro de 2004, de

aprobación da Ordenanza, non fiscal, reguladora das distancias entre plantacións forestais e fincas de labor, praderías, camiños públicos, conduccións de auga, edificacións e outras heredais no Concello de Xermade, que se transcribe a continuación, faise público o cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local. O acordo de aprobación definitiva tomouse en sesión extraordinaria celebrada con data 28 de xaneiro último.

"ORDENANZA NON FISCAL, REGULADORA DAS DISTANCIAS ENTRE PLANTACIÓNNS FORESTAIIS E FINCAS DE LABOR, PRADERÍAS, CAMIÑOS PÚBLICOS, CONDUCCIÓNNS DE AUGA, EDIFICACIÓNNS E OUTRAS HEREDAIIS NO CONCELLO DE XERMADE"**Artigo 1º.**

De conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil, Decreto 2.661/67, de 19 de outubro, do Ministerio de Agricultura, artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, establecése unha ordenanza de carácter non fiscal, reguladora das distancias entre plantacións forestais e fincas de labor, praderías, camiños públicos, conduccións de auga, edificacións e outras heredais.

Artigo 2º.

Con carácter xeral ás plantacións forestais situáense ás distancias mínimas segundo as diferentes especies que se relacionan a continuación.

a) En solo rústico de protección ordinaria.

Superficie mínima para realizar plantacións agás en zonas enclavadas en masas forestais e superficies adicadas tradicionalmente a monte: 3.000 m².

- Distancias a vivendas:

Eucaliptos: 100 m.

Coníferas e resinosas: 75 m.

Frondosas: 50 m.

Árbores illadas con fins ornamentais de porte baixo e frutais: 10 m.

- Distancias a establos e edificios que non sexan vivendas:

Eucaliptos e coníferas: 50 m.

Frondosas: 25 m.

Frutais: 5 m.

- Distancias a zonas adicadas tradicionalmente a prados, labradíos e fontes:

Eucaliptos: 20 m.

Coníferas, resinosas: 15 m.

Frondosas: 6 m.

Frutais: 3 m.

- Distancias a traídas e canalizacións de auga: 2 m.

- Distancias a camiños:

Desde o borde exterior da cuneta: 3 m.

Agás: Peches de setos, estacas de madeira ou chantos que deberán realizarse á distancia mínima de 4 metros desde o elxo.

Cando se invadan cultivos, praderías, edificacións ou camiños públicos ou de servicio, os propietarios deberán adoptar as medidas que impidan tales ocupacións de solo ou espacio aéreo.

b) En solo urbano, núcleo rural e ata 50 metros do límite de algúns deles queda prohibido todo tipo de plantacións, agás árbores illadas con fins ornamentais. En todo caso respetaranse as distancias a vivendas descritas anteriormente.

c) En solo rústico de protección forestal ou con plantacións forestais preexistentes:

- Distancia a colindantes: 3 m.

- Plantacións de eucalipto a outro tipo de cultivo ou plantación: 6 m.

d) En solo rústico de protección de espacios naturais estará regulado pola legislación autonómica ou estatal competente.

Artigo 3º.

Mantenemento e limpeza das fincas. Os propietarios de fincas ubicadas a menos de 100 metros de vivendas, ou do límite dalgún núcleo urbano ou rural, así como doutros edificios con actividade ou susceptibles de tela, veranse obrigados ó seu desbroce e limpeza, de tal xeito que non supoñan un perigo, en caso de incendios forestais, nin un risco para a seguridade e salubridade pública (alimañas, pragas,...) para as mencionadas edificacións. No caso de que os propietarios non realizaran estas labores de mantenemento, será o Concello quen as realice subsidiariamente, imputándolle o seu custo, previo apercibimento.

Artigo 4º.

As distancias previstas na presente ordenanza respetaranse sen prexuízo das limitacións ó uso do solo que prevé o planeamento urbanístico do Concello ou outra normativa aplicable.

Artigo 5º.

A infracción das distancias na presente ordenanza sancionaranse:

A) Con carácter xeral: De acordo co artigo 59 de Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local cunha multa de 100 euros, que se incrementará na contía de dous euros por cada árbore situada a menor distancia da prevista.

B) Con carácter especial:

- Pola infracción das distancias ás estradas municipais ou pistas forestais que teñan a calificación de estradas de acordo coa Lei de Estradas de Galicia, as sancións que a citada Lei prevé para cada infracción.

- Pola infracción dos usos do solo previstos no planeamento municipal estarase ó disposto na normativa urbanística.

Artigo 6º.

O establecido nos artigos anteriores entenderase sen prexuízo do deber de restaurar a legalidade infrinxida e, no seu caso, da execución subsidiaria polo Concello.

Artigo 7º.

Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal, será necesario solicitar autorización para o transporte de madeira procedente da tala que se realiza nas plantacións existentes neste municipio. En dita solicitude especificarase a situación da finca de onde se vai a sacar a madeira cortada, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos usados, así como os días previstos para dito transporte, adxuntando fotocopia do permiso de corta da administración forestal, cando éste sexa necesario. A autorización municipal para o transporte será obligatoria e gratuita. No obstante, deberá o madeirista ingresar na Tesorería Municipal unha fianza na contía que se sinale polo técnico municipal, para responder dos posibles danos e perxúizos na rede viaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Ley 7/85, de 2 de abril, permanecendo en vigor mentres a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Xermade, 1 de febreiro de 2005.- O ALCALDE, Tomás Rodríguez Arias.

R. 00623

Administración de Justicia

Juzgado de Primera Instancia

LUGO NUM. 3

13550.

N.I.G.: 27028 1 0300233/2005.

Procedimiento: EXPEDIENTE DE DOMINIO. INMATRICULACIÓN 72/2005.

Sobre OTRAS MATERIAS.

De Dña. MARÍA CARMEN QUINTELA GONZALEZ.

Procurador/a Sr/a. SIN PROFESIONAL ASIGNADO.

Edicto

DON FRANCISCO JULIAN HINOJAL GIJON, SECRETARIO DEL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA N° 3 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en este Juzgado se sigue el procedimiento EXPEDIENTE DE DOMINIO. INMATRICULACIÓN 72/2005 a instancia de MARIA CARMEN QUINTELA GONZALEZ, expediente de dominio para la inmatriculación de las siguientes fincas: Inscritas en el Registro de la Propiedad nº 2 de Lugo, sitas en el término de Cellán de Mosteiro, municipio de Castroverde, provincia de Lugo: